



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO PARQUE EÓLICO SESELLE, NO CONCELLO DE OZA - CESURAS (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GALENERGY S.L. (CLAVE: 2020/0102)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta de Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296 do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE núm 294 do 6 de decembro) e o Real Decreto Lei 23/2020, do 23 de xuño (BOE núm 175 do 24 de xuño), establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos incluídos no seu anexo I serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos do dito anexo I recolle no seu grupo 3.i) os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se encontre a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental. Segundo o estudo de impacto ambiental presentado polo promotor, este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque ten unha potencia total de 31,2 MW.

O proxecto está localizado dentro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, polo que tamén se encadraría no anexo I, grupo 9.a) 7º, na que se inclúen os parques eólicos que teñan máis de 10 aeroxeradores ou 6 MW de potencia, cando se desenrolen en espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais, segundo a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1 Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Galenergy S.L. e o órgano substantivo a Dirección Xeral Planificación Enerxética e Recursos Naturais, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo coa documentación achegada, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 31,2 MW de potencia total e a súa liña de evacuación asociada no concello Oza – Cesuras (A Coruña). O acceso o parque realizase dende a estrada AC – 230, que une as poboacións de Montsalgueiro e Curtis, á altura do km 7,3 desvíase por unha estrada na que os 2,3 km enlaza cos desvíos os diferentes aeroxeradores. Está composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada, localizada dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes

Número de aeroxeradores: 6
Modelo previsto: SIEMENS GAMESA 4.X SG 5.0 - 145
Potencia nominal unitaria: 5,2 MW
Potencia total instalada: 31,2 MW





Altura de buxa: 127,5 m
Diámetro de rotor: 145 m
Orzamento (execución material): 35.551.780,20 €

Indícase no estudo de impacto ambiental que cada aeroxerador disporá do seu propio transformador instalado no interior da góndola, realizarase unha rede de media tensión que unirá tódolos aeroxeradores entre si e coa subestación transformadora de 220/30 kV. A subestación transformadora ocupará unha superficie de 100 x 50 m² na que se localizará o parque de intemperie, edificio de control, vieiros, zonas de acceso e estacionamento. Deixarase espazo libre no parque de intemperie para posibilitar a ampliación cunha nova posición de transformación para a súa cesión a compañía distribuidora da zona. O edificio de control, dun so nivel, disporá de sala de control, vestiarios, aseo, almacén, local de aceites e residuos etc. e terá acceso independente o da subestación. Na subestación realizarase un pozo de barrena para o abastecemento e as augas residuais evacuaranse a unha fosa séptica de 5.000 L.


Proxectase tamén a construción dunha torre meteorolóxica autosoportada de 127,5 m de altura. Estará equipada con tres anemómetros, un anemómetro de fluxo vertical, dous sensores de temperatura, un pluviómetro e dous cataventos.

Na configuración reflectida no EslA, a obra civil estima uns 9.141 m de vieiros, que inclúe a apertura duns 4.564 m de vieiros novos, o acondicionamento doutros 4.117 m de pistas ou camiños existentes e 460 m de vieiros nos que non e necesario acondicionalos polo seu bo estado. Defínese unha sección tipo de vieiro cun ancho de plataforma de 6 m. Así mesmo, escavaranse uns 7.119 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións, das que 6.653 m corresponden a gabias paralelas a vieiros.

Como áreas de ocupación temporal durante a execución das obras do parque eólico, disporase dunha zona de acopio de 40x50 m nas inmediacións da subestación. Está destinada a albergar o campamento de obra para as casetas de oficina, maquinaria de obra, vestiarios, oficinas, almacenaxe de material e residuos, acopio de compoñentes e de terra, etc. As plataformas de montaxe dos aeroxeradores situaranse nas súas bases e terán unha dimensión aproximada de 8.856 m².

Estímase unha duración da fase de construción do parque eólico de 12 meses.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración reflectida no estudo de impacto ambiental:





1.3. Principais elementos ambientais da contorna

A área de implantación do proxecto localízase entre os paraxes Monte da Zanca, A Pena Branca, A Abeleira e Monte Brueiro. É unha zona de relevo medio con cumios con pendentes suaves conformados cunha paisaxe forestal caracterizada por repoboacións forestais de eucalipto e piñeiro combinada con zona de prado e matogueira. A cotas media de altitude ronda os 480 m, sendo a cota máis elevada o Monte Brueiro con 518 m.

A nivel hidrolóxico, atópase dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, e enmárcase no sistema de explotación nº 12 "Río Mandeo e Ría de Betanzos". Polo ámbito de estudo discorren, próximos ás actuacións o río Mandeo e o seu tributario, o río Mendo e afluentes. No tocante a zonas protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, non afecta a ningunha das que está recollida en dito plan. Descríbese no informe de augas unha zona de captación para abastecemento humano.

Augas de Galicia, en base a documentación achegada, indica que os aeroxeradores, a subestación e edificio de control e plataformas proxectadas non interfiren no leito de ningún curso de auga. Prodúcese 6 cruzamentos en total da gabiá de cableado e camiños de acceso coa rede hidrográfica. Os cursos fluviais afectados son: rego de Mundín, río Carnes e un rego innominado do río Carnes. Nestes puntos será necesario solicitar autorización a que deberá unirse unha memoria na que se describa as actuacións a realizar.

En canto a hábitats naturais, o EsIA indícase que de acordo a información cartográfica do Ministerio e o traballo de campo realizado, na zona de afección do proxecto non se identifican teselas con hábitats naturais prioritarios e/ou hábitats de interese comunitario. No ámbito da actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

Respecto das especies de fauna e flora presentes, a dita dirección xeral menciona que a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10X10 29 TNH78) correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), como vulnerables (V) ou en perigo de extinción (PE):

Flora:

Isoetes fluitans (E)
Luronium natans (E)
Sphagnum pylaesii (V)
Narcissus cyclameus (V)

Invertebrados:

Geomalacus maculosus (V)
Elona quimperiana (E)
Margaritifera margaritifera (E)

Anfibios:

Chioglossa lusitanica (V)
Rana temporaria (V)
Discoglossus galganoi (V)**
Hyla arborea (V)
Rana iberica (V)

Peixe:

Petromyzon marinus (E)

Aves:

Milvus milvus (E)
Gallinago gallinago (E)*
Vanellus vanellus (E)*
Circus cyaneus (V)
Circus pygargus (V)
Scolopax rusticola (V)*

Mamíferos:

Galemys pyrenaicus (V)
Rhinolophus hipposideros (V)
Rhinolophus ferrumequinum (V)

* Poboación nidificante.

** Poboacións insulares.

*** Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

**** Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.





Cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación e que segundo o Atlas de aves reprodutoras publicado polo MITECO en 2003, non é previsible atopar parellas nidificantes na zona onde se localiza o proxecto para *Vanellus vanellus*.

Dos datos das aves no estudo preoperacional que se achega no EsIA inclúe a *Phoenicurus phoenicurus*, catalogada como vulnerable no catálogo español de especies ameazadas e detectada no estudo previo. No referente os morcegos, aparece que a especie *Myotis myotis* como a única catalogada como vulnerable que se detectou na zona do proxecto. A especie que máis se detectou no estudo preoperacional foi *Pipistrellus pipistrellus*, seguido con diferenza por *Eptesicus serotinus* ambas recollidas no Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenrolo de Listado de Especies Silvestres en Réxime e Protección Especial e o Catálogo Español de Especies Ameazadas.

A zona de actuación non se atopa dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pero atópase moi próxima ao proxecto de recuperación de *Tetrax tetrax* (458m) e o proxecto de conservación de *Rana temporaria* (989m).

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, sinalar que a zona de actuación non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Non se atopa en ningún espazo que este en estudo da Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais pero atópase moi preto de dúas zonas ben conservadas a Braña do Deo e a Turbeira Braña da Boquela. A zona de actuación considerase área protexida por instrumento internacional xa que localízase dentro dos límites da "Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", os aeroxeradores 6 e 7 atópanse na zona de tampón, os restantes na zona de transición.

Polo demais, o proxecto non se localiza no ámbito de ningún plan de conservación ou recuperación aprobado ata o momento. Non afecta a ningún dos humidais recollidos na lista de humidais protexidos do anexo I, do Inventario de Humidais de Galicia, creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais de Galicia. Aínda que non figuran como humidais protexidos do anexo I, recóllese no informe de augas a existencia de varios humidais na zona de actuación como son: o humidal "Braña da Boquela" que linda cun camiño de acceso as instalacións (preexistente e a acondicionar), e o humidal "A Boquela", situado a 50 m do camiño de acceso aos aeroxeradores. Tamén se atopan os humidais: "Broeiro", a uns 470 m ao sueste do aeroxerador 7, "Veiga de Carballido" a uns 725 m ao sueste do parque, "A Queimada" a 1.050 m ao leste das actuacións e a "Braña" a uns 1.700 m ao sur do parque eólico. Non se enclava dentro de áreas prioritarias ou zonas de protección para aves das publicadas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión, nin en áreas importantes para as aves (IBA).

No que respecta á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) o lugar onde se desenvolverá a actuación enmárcase na grande área paisaxística de Golfo Ártabro, na comarca paisaxística do Golfo Ártabro Interior. A área de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próxima son a AEIP-10 -08 Fragas do Mandeo localizada a 7,5 km ao norte, a AEIP-07 - 01 Fraga das Barbudas e Val do Cambas a uns 8,7 km ao nordés. Os miradoiros máis próximos son o Miradoiro de Bandoxa, a 1,3 km ao norte e o Miradoiro de Rodeiro, a uns 1,7 km ao nordés. Próximo ao ámbito do proxecto está o Camiño de Santiago, a ruta da Costa sitúase a unha distancia de 8,5 km ao noroeste e a 13 km ao sueste do parque. Máis lonxe nun radio de 9 km aparecen o Miradoiro de Enxameado ao sueste, o de Miradoiro de A Espenuca ao norte, e o miradoiro de Monte Medela ao oeste.

En canto ao patrimonio cultural, segundo o indicado no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, atendendo a prospección arqueolóxica realizada polo promotor para a realización do estudo de impacto cultural incluído no anexo IX e na documentación achegada, no ámbito do proxecto atópanse elementos do patrimonio cultural de carácter arqueolóxicos, como son o Castro de Cabreira (GA15026001), A Medorra/O Tesouro (GA15063069), Petróglifo de Pena da Cerva (GA15063069),





Petróglifo de Pena de Mende/Pena das Mercedes (GA15063070), Petróglifo de Revolta da Camposa (GA15063071), Petróglifo de Monte das Penas I e II (sen código por ser inéditos) non se ten constancia de que existan bens de carácter arquitectónico ou etnolóxico que se poidan ver afectados pola construción do parque eólico. Afectados polas obras constan, a zona de cautela do Castro de Brueiro, as obras máis próximas sitúase a 200 m, zona de cautela do Monte da Zanca, na que existen indicios de posibles explotacións mineiras, e por último a zona de cautela das mámoas de Seixelle e Brueiro (GA15063008, -011, -019, -21, -026 e -051), na que as obras sitúanse a máis de 300 m, en todos estes bens está cualificado o impacto como compatible.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 31.01.2020 a sociedade Galenergy, S.L. solicitou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas (hoxe Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais), as autorizacións administrativas previa e de construción para o parque eólico Seselle, ao abeiro da Lei 5/2017, presentando a documentación técnica necesaria para a tramitación do expediente.

Logo diso, e de conformidade co disposto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na redacción dada pola referida Lei 5/2017, a dita Dirección Xeral de Enerxía e Minas iniciou o procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido parque eólico.

O 19.05.2020 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático un oficio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas no que solicita que este órgano ambiental lle facilite a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe para cumprir co trámite de consultas establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Achegan para iso, xunto coa solicitude do promotor, o EslA "Estudio de Impacto ambiental Seselle, en el término municipal de Oza – Cesuras (A Coruña)" asinado o 15.04.2020 e 16.04.2020 e o "Proyecto de ejecución Parque Eólico Seselle. Enero 2020" (visado o 02.04.2020 e asinado o 30.03.2020).

Mediante Acordo do 21 de outubro de 2020 (publicada no DOG núm. 231, do 16.11.2020) a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (hoxe Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación), someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa e de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Seselle. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre os EslA.

O 27.07.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón de materia.

O 04.08.2022 e o 18.10.2022, estando en curso a análise técnica do expediente, solicitóuselle ao órgano substantivo unha serie de aclaracións e completalo cós informes necesarios xunto coas correspondentes respostas do promotor. Entre outra documentación requírense os informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral de Saúde Pública. Como contestación ao anterior requirimento, o 29.09.2022, 27.10.2022 e o x.12.2022 recíbese a documentación requirida.

Debido a certos condicionados xurdidos durante a tramitación do expediente, derivado da recente aparición de petróglifos na contorna do aeroxerador 3, o promotor propón unha serie de modificacións no parque eólico, reflectidas no apartado 1.2 desta DIA, respecto o reflectido no EslA que se someteu a información pública. O promotor decide suprimir o aeroxerador 3, pasando o proxecto de 7 aeroxeradores a 6 aeroxeradores na súa configuración final, repontenciando os aeroxeradores





restantes, pasando de 5 MW por aeroxerador a 5,2 MW, o que da unha potencia total instalada de 31,2 MW. Consecuentemente reduciranse os metros de gabias e de vieiros acondicionados ou novos.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

▪ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, nun primeiro informe, do 09.04.2021, logo de examinar a documentación remitida: "Estudio Impacto Ambiental Parque Eólico Seselle en el termino municipal de Oza – Cesuras (A Coruña). Agosto 2020" e "Proyecto sectorial Parque Eólico Seselle. Enero 2020" constátase que non se poden informar os documentos e débense completar a documentación.

- Dentro da avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural, realizarase un rozado baixo control arqueolóxico das áreas que non puideron ser prospectadas de maneira adecuada debido a vexetación, así confirmárase ou descartárase a presenza de bens arqueolóxicos e establecer medidas correctoras apropiadas.
- Efectuarase estudo de afección visual do parque sobre varios bens catalogados e incluírse infografías nas que se visualice a relación das infraestruturas cos elementos patrimoniais.
- Analizarase correctamente os impactos paisaxísticos e os efectos sinérxicos, incluíndo todos os parques e liñas asociadas proxectados na área e todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito de implantación.

En contestación a dito informe o promotor achega o documento "Documentación complementaria á avaliación do impacto patrimonial do Parque Eólico Seselle, Oza -Cesuras, A Coruña. Enero 2022". Posteriormente, na poligonal do proxecto localizáronse uns petróglifos e o promotor decide ampliar a prospección do proxecto realizada previamente, identificado e situando os novos petróglifos. Establece un área de protección conxunta para o achado, sendo esta incompatible co aeroxerador 3, polo que o promotor decide eliminar este aeroxerador da alternativa seleccionada e repotenciar o resto de aeroxeradores (5,2 MW). Achega o documento "Memoria modificada de evaluación de impacto patrimonial parque eólico Seselle. Octubre 2022"

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como resposta indica que logo da revisión da documentación achegada e dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, considérase que o proxecto é compatible coa protección e conservación do patrimonio segundo o deseño reflectido na documentación achegada e coas medidas protectoras, correctoras e compensatorias propostas no seu informe, debendo ter en conta unha serie de consideracións e condicións como son:

- Con carácter previo ao inicio das obras de construción do parque eólico, deberán verificarse as zonas de cautela identificadas na memoria con indicios de posibles restos de minería ou avultamentos (túmulos), e aquelas que presentan unha densa cuberta vexetal, polo que se realizarán supervisións das rozas de vexetación nestas zonas que terán carácter presencial e continuo.
- No caso de que se constate a existencia de novos restos arqueolóxicos, notificarase decontado á DXPC e primarase a conservación in situ dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificar as infraestruturas do proxecto e a establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias.
- As medidas compensatorias propostas para o conxunto de petróglifos localizados terán que concretarse nun proxecto que se presentará con carácter previo ao inicio das obras de





construción do parque eólico e deberán complementarse nos seguintes aspectos:

- Estudar a posibilidade de adquirir as parcelas onde se sitúan os xacementos arqueolóxicos para garantir a súa protección, conservación e posta en valor.
- Realizar traballos máis completos de documentación e rexistro dos petróglifos (incluíndo o modelado 3D do soporte e das figuras mediante fotogrametría e/ou escáner, así como o rexistro fotográfico diúrno e nocturno)
- A consecución dunhas franxas de protección contra os lumes a través da tala dos eucaliptos e as rozas periódicas da vexetación que ocultan parcialmente os afloramentos rochosos nos que se sitúan os gravados rupestres, co obxecto de mellorar as súas condicións ambientais e de contemplación e goce. Xa que logo cómpre elaborar un protocolo de limpeza e aportar un compromiso de mantemento do lugar a desenvolver durante o período de explotación do parque eólico.
- A sinalización e actuacións de divulgación dos valores destes bens.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Este proxecto contemplará as medidas protectoras, correctoras e compensatorias indicadas na "Memoria Modificada de Evaluación de Impacto Patrimonial parque eólico Seselle do EsIA" e mais as derivadas deste informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou de calquera outro ben que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial e continuo. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificar as infraestruturas do proxecto e a establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, emite un informe sobre o EsIA no cal, tras un resumo dos antecedentes e da descrición do proxecto, fai unha análise da documentación recibida e indica como conclusión que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se teña en conta as condicións recollidas no informe e que se reflicten tamén no condicionado do apartado 4 desta DIA. No que respecta aos efectos acumulativos e/ou sinérxicos a vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada, informa que o proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das súas competencias.

O plan de vixilancia recollera como indica o informe no seu apartado V, referente as condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación.

- O **Instituto de Estudos do Territorio** emite un primeiro informe no que, tras recoller uns antecedentes e o marco legal, efectúa unha descrición do proxecto, do contido do EsIA e das características da paisaxe afectada, no que indica que de acordo co Catalogo das paisaxes, as





infraestruturas do parque eólico atópanse en zonas de visibilidade baixa e media. Tamén analiza o contido do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas, no que se indica que o contido do EIIP está completo e axeitado á entidade do proxecto e que os principais impactos sobre a paisaxe derivan dos efectos sinérxicos que se producen pola existencia doutros proxectos eólicos na contorna e da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación e ás vías de comunicación. Conclúe cunha serie de recomendacións para asegurar unha mellor integración paisaxística como son a colocación de tella en vez de lousa na subestación, e no seu perímetro manter ou plantar unha barreira vexetal con especies arbóreas autóctonas. Asemade, valorárase o acceso o aeroxerador 1 por unha pista asfaltada o sur e así evitar a apertura dun novo trazado.

En contestación a dito informe o promotor indica que non é posible tecnicamente xa que a orientación da plataforma de montaxe está condicionada polas curvas de nivel existentes, calquera outra implica desmontes e terrapléns importantes, a pista sur non pode ser usada para transporte pola súa elevada pendente. O promotor terá en conta a recomendación previa e intentará minimizar a apertura de novos camiños e presenta conformidade cas conclusións xerais. O IET como resposta indica que considera suficientes as explicacións achegadas pola empresa promotora e indica que as medidas correctoras deberán incorporarse ao proxecto segundo o establecido no artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección de paisaxe de Galicia e deberá completarse coa xustificación á que se refire o artigo 11.2.d da Lei 7/2008 e o artigo 27.d do seu regulamento.

O promotor como contestación achega o documento "Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Seselle (A Coruña). Anexo III: Estudio de impacto e integración paisaxística." asinado o 30.03.2021. O IET como resposta indica que, logo da súa análise, considérase cumprimentado o disposto no artigo 11.2.d da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008. dando resposta ademais as consideracións efectuadas no antedito informe do IET. Esta incidencia visual, aínda que pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do regulamento anteriormente mencionado, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, non sendo necesario someter a documentación a novo informe do IET.

- A **Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior**, emite un informe en relación aos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto no que tras a revisión da documentación achegada, estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo. Todo elo sin prexuízo de que, si puidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio de actividade por parte da autoridade competente.

- A **Axencia Turismo de Galicia** emite informe sobre o EsIA no que tras analizar todos os posibles impactos que o proxecto puidese xerar, considera que se produce un impacto global compatible, considerando o impacto turístico significativo pero asumible, coa consideración das medidas preventivas e correctoras activadas e a posta en marcha do Plan de Vixilancia Ambiental.

- A **Dirección Xeral de Saúde Pública** expón que o informe realizouse avaliando a documentación achegada e se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana. Recolle as observacións en relación cos seguintes puntos: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos, identificación das posibles vías de exposición, avaliación da necesidade de medición da exposición e do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

Por tanto, e tras desenvolver as cuestións anteriores, conclúe nun primeiro informe que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre varios aspectos (niveis sonoros, abastecemento, produtos perigosos, etc.) que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, é necesaria a súa achega e consideración polos organismos competentes.





O promotor como contestación achega o documento "Respuesta al informe de la Dirección Xeral de Saúde Pública al estudio de impacto ambiental del parque eólico Seselle. Marzo 2022". Segundo a resposta dada pola Dirección Xeral de Saúde Pública, considera satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, salvo o referente parpadeo de sombras. O estudo do caso real aportado polo promotor, 23 receptores superan máis de 30 h/ano de sombra, sinalando que se deberá considerar o efecto de sombra nas vivendas que superen o limiar de 8 h/ano. Deberán incorporarse as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

En contestación o promotor achegou un novo escrito no que avalía e clarifica os requirimentos expostos. Indicando que no estudo para o caso real non se consideraron a presenza de obstáculos e apantallamentos no entorno, que poidan actuar barreiras ante o efecto parpadeo de sombras. Propón realizar un seguimento e control durante o primeiro ano de explotación sobre os receptores que poidan superar o limiar. No caso de superar o limiar propón que se establezan medidas correctoras como apantallamento e/ou parada técnica temporal dos aeroxeradores individual ou combinados de maneira que se evite a superación de dito limiar. Como resposta a Dirección Xeral de Saúde Pública indica que se segue sen abordar adecuadamente o aspecto recollido no informe anterior. O proxecto debe incorporar as medidas correctoras independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento. O que o promotor contesta nun novo escrito que os aeroxeradores disporán dun sistema de control de parada por efecto parpadeo de sombras para asegurar que non se supera o limiar de 8 h/ano de exposición nas vivendas que superen ese limiar de 8 h/ano no estudo de caso real, de conformidade cos limiares establecidos como referencia para parques eólicos.

Finalmente a Dirección Xeral de Saúde Pública atendendo a contestación e vista a documentación remitida informa que sen detrimento das competencias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito da saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que emite informe favorable, sempre e cando se teña en conta:

- O sistema SCADA de control de parada dos aeroxeradores, a documentación presentada non permite avaliar os resultados prácticos do mesmo. O sistema en principio parece viable pero a súa eficacia condicionará a resposta favorable do informe.
- Polo anteriormente exposto, o plan de vixilancia ambiental deberá contemplar un seguimento individualizado dos receptores que sobrepasan o limiar de 8 h/ano para o "caso real", que permita coñecer a eficacia do sistema SCADA, avaliando as paradas realizadas polo sistema en función da superación dos limiares medidos nos receptores correspondentes.

- **Augas de Galicia**, logo de efectuar unha posta en antecedentes e citar a lexislación de aplicación, continúa o seu informe cunha análise do contido da Proxecto de execución e do EsIA do PE Seselle (centrándose na descrición do proxecto, nos posibles impactos sobre o medio hídrico, nas medidas correctoras e protectoras propostas no estudo e na avaliación dos efectos sinérxicos), para a continuación informar sobre a rede fluvial da área e a implicación do proxecto na demarcación hidrográfica Galicia Costa, xa expostas no punto 1.3 no apartado de hidrografía. Engade unhas consideracións sobre as actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico e apunta unha serie de condicións a ter en conta no desenvolvemento do proxecto. Conclúe **informando favorablemente** tanto o EsIA como do Proxecto de execución, sempre que se teñan en conta as directrices expresadas no seu informe así como as sinaladas na documentación sometida a informe.

- O **concello de Oza – Cesuras**, emite informe no que se tratan contidos que son competencia doutros órganos os que se lle da resposta o longo desta DIA.

- Para os anteditos informes constan no expediente, segundo o caso, escritos do promotor de conformidade ou de resposta ao seu contido, ou ben oficios do órgano substantivo de remisión do correspondente informe ao promotor sen que este manifeste ningunha obxección no prazo legalmente establecido.





- Así mesmo consta un informe da **Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña** na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle un resumo dos datos do expediente administrativo e da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública.

No tocante a alegacións no expediente remitido polo órgano substantivo constan 33 alegacións, 30 de particulares e 2 de asociacións/organizacións. Neste senso, e sen prexuízo das aclaracións achegadas polo promotor na súa resposta á dita alegación, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polo organismo sectorial con competencias nas materias aludidas, á documentación complementarias que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran as condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.

En canto a outra documentación o expediente contén, ademais do EsIA, o Proxecto técnico e a que se cita ao longo deste punto 2.2, a documentación que se incorporou ao expediente como resultado do requirimento ao que se fai referencia no punto 2.1, que entre outra inclúe a seguinte:

- "Actualización al estudio de impacto ambiental PE Seselle. Junio 2022". Elaborada polo promotor co fin de completar o EsIA.
- "Adecuación del estudio de impacto ambiental P.E. Seselle. Diciembre 2022". Elaborada polo promotor para incluír e valorar as modificacións feitas no proxecto: eliminación do aeroxerador 03 e a repotenciación dos restantes aeroxeradores.

2.3 Efectos sinérxicos e acumulativos

O EsIA presentado inclúe unha detallada avaliación dos posibles efectos sinérxicos e acumulativos, considerándose para esa análise todos os parques eólicos en funcionamento dentro dunha área envolvente de 20 km en torno ao proxecto do Parque Eólico (PE) "SESELLE". Dentro desta área localízanse **6 parques eólicos en funcionamento** (Serra da Loba, Cordal de Montouto, Cova da Serpe, Cova da Serpe ampliación, Pena Feixa e Touriñán IV) , **que suman un total de 64 aeroxeradores**; un parque eólico que conta con D.I.A. favorable (Cordal de Montouto – Pando, con **11 aeroxeradores e tamén se tiveron en conta outros dous** Parques Eólicos en tramitación que o promotor do proxecto do P.E. "SESELLE" pretende desenvolver dentro da área envolvente de 20 km en torno ao proxecto do Parque Eólico "SESELLE" (Feás e Fontella) así como todas as liñas de alta tensión **9 LATs, 7 de 220kV e 2 de 400kV localizadas** dentro da citada envolvente.

Na área de 20 km analízanse as posibles sinerxias a nivel socioeconómico, sobre a calidade paisaxística e as concas visuais, así como efectos sobre a navegación aérea e na loxística de extinción de incendios. Tamén se analizarán os efectos sobre a avifauna e a quirópteros (aumento do risco de colisión), a perda de conectividade ecolóxica e o efecto barreira, ademais da posible afección á Rede Natura 2000 e a outros espazos protexidos. Na envolvente de 5 km o ámbito dos estudos comprende a valoración da afección dos efectos sinérxicos sobre a calidade acústica da zona, e na área de ocupación dos proxectos (< 1 km), valóranse os efectos sinérxicos sobre o resto dos aspectos ambientais.

Neste contexto, o promotor describe de maneira pormenorizada todos os elementos do medio susceptibles de ser afectados, tanto na fase de obras como de funcionamento, tanto do medio físico (atmosfera, xeomorfoloxía edafoloxía, hidroloxía ..), como biótico (vexetación e fauna) así como Zonas de protección (RN 2000, Espazos Naturais Protexidos, Figuras de protección internacional ou Plans de recuperación e conservación de especies...).

O EsIA indica que individualmente o proxecto do PE "SESELLE e as súas infraestruturas asociadas non interceptan ningún espazo protexido da Rede galega (non se intercepta ningunha área da Rede Natura 2000, sendo a máis próxima a Zona de Especial Conservación (ZEC) Betanzos-Mandeo, a 4,5 km do





aeroxerador máis próximo) e con respecto á afección acumulativa sobre os hábitats, conclúese que das 316 teselas localizadas na área estudada, actualmente 35 delas (11,08%) víronse afectadas pola implantación de proxectos de Parques Eólicos e Liñas de Alta Tensión. Considerando a implantación dos proxectos promovidos por Galenergy S.L., a cantidade total tan só aumentaría ata 39 teselas (12,34%). É dicir, tan só un 1,26% das teselas comprendidas na área de estudo veríanse afectadas.

Explica que aínda que durante a fase de obras os impactos acumulativos aos hábitats resultarán significativos, este efecto, que se produce a curto prazo é simple, ao non inducir efectos secundarios é non é sinérxico, pois non potencia a acción doutros efectos, pero si é acumulativo. Tamén é temporal xa que, aínda que se elimina a vexetación existente nas parcelas afectadas, parte das superficies afectadas restaurarase tras a finalización das obras. O impacto é reversible e non periódico e dada a escasa superficie afectada, a magnitude e extensión do impacto estímase como baixa e por tanto o impacto acumulativo valórase como compatible.

En canto a posibles efectos potenciais sobre espazos protexidos, na envolvente de 20 km do parque atópanse os ámbitos de protección do **Parque Natural Fragas do Eume**, así como dos ENIL Ribeiras do Mero – Barcés e Río Abelleira, pero o Parque Natural non resulta interceptado por ningunha infraestrutura dentro da área de estudo. Por outra banda, o PE Pena Feixa sitúase xunto ao seu límites pero sen chegar a interceptar o devandito espazo. O proxecto do PE "SESELLE" localízase a 19,4 km de distancia deste espazo. Por outra banda, o ENIL Ribeiras do Mero – Barcés é interceptado por varios tramos de LAT 220 kV e 400 kV, sumando un total de 2 ao redor de 450 m lineais. Este espazo sitúase a 11,3 km de distancia do proxecto obxecto de estudo. O ENIL Río Abelleira é interceptado por un total de 516 m lineais de LAT 220 kV.

Aínda que a totalidade das infraestruturas proxectadas para o Parque Eólico "SESELLE" atópanse na **Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas E Terras de Mandeo"**, a maior parte destas infraestruturas e os viais de acceso aos mesmos atópanse na Zona de Transición (fóra dos aeroxeradores 6 e 7 e os seus viais de acceso, situados na Zona Tampón). Sinala o promotor que en liña cos obxectivos do Plan de Xestión da citada Reserva pode deducirse que a construción e operación dos parques eólicos considerados na análise de sinerxias é **compatible** cos obxectivos da Reserva, especialmente, no relativo á promoción de modelos de produción e consumo máis sustentables, que poidan contribuír á mitigación do cambio climático ao reducir as emisións de CO₂, así como a resolver os problemas derivados da alta demanda actual de enerxía e a dependencia dos combustibles fósiles. Adicionalmente, indícase que outros proxectos considerados interceptan tanto a zona núcleo como a zona tampón deste espazo. Dentro da área envolvente de 20 km tamén se sitúa a **Reserva da Biosfera Terras do Miño**, sendo interceptadas as súas zonas tampón e de transición por varios dos proxectos obxecto de estudo.

No caso de efectos potenciais sobre a **fauna**, a análise indica que os proxectos non interceptan ningún plan de conservación e recuperación de especies ameazadas atopándose a 1 km a zonificación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinhacher*) en Galicia.

O promotor indica que durante a fase de obra as principais afeccións no caso da fauna son a mortalidade directa e molestias sobre aves e mamíferos, aínda que alude á pouca probabilidade de que as obras dos catro parques eólicos en fase de tramitación incluídos na envolvente de 20 km de radio (FEÁS, FONTELLA, SESELLE e Cordal de Montouto-Pardo) coincidan parcial ou totalmente no tempo. Con respecto á perda de individuos, sinálase que polo seu carácter temporal e debido a que probablemente non se solapen as obras e á aplicación de medidas preventivas como evitar realizar as obras en épocas de cría, adaptar os posibles pasos canadenses para facilitar a saída a pequenos animais que poidan caer, revisar diariamente a presenza de animais caídos na gabiá e realizar un seguimento das poboacións faunísticas, o efecto sinérxico pode considérase como non significativo. Con respecto ao efecto barreira durante as obras, ao tratarse dun impacto moi localizado, e ao non coincidir as obras nin espacial nin temporalmente, indica que non cabe falar de efectos sinérxicos.

Durante o funcionamento, a análise incide no risco de colisións das aves e morcegos contra os aeroxeradores e os posibles efectos sinérxicos ou acumulativos sobre mortalidade directa por colisión





contra as pas dos aerogeradores que poderían ocorrer ao funcionar simultaneamente os 100 aerogeradores considerados no estudo afectarían, esencialmente, ás aves e aos quirópteros; en caso de producirse sobre o resto de fauna, parece que serían de reducida entidade. Con todo, os biótopos afectados polos parques eólicos obxecto de estudo son maioritariamente montes de plantación, que corresponden a repoboacións forestais de eucalipto e/ou piñeiro resinero e radiata, e montes desarbolados cubertos por matogueiras de brezais/toxeira. Deste xeito, máis do 60% dos aerogeradores incluídos na envolvente de 20 km de radio localízanse sobre repoboacións forestais mentres que un 26% estarían sobre matogueiras. No caso concreto do Parque Eólico "SESELLE" tan só se afectarían 3,61 ha de biótopos adecuados para os aguilucho cenizo e pálido (matogueiras e prados, pasteiros e cultivos) e para o resto das especies ligadas a estes medios, polo que a súa achega á perda de hábitats para estas especies, e por tanto o efecto acumulativo, sería irrelevante.

A acumulación de infraestruturas (parques eólicos e liñas eléctricas aéreas) provoca un aumento dos impactos unitarios asociados; debido a isto considérase que o impacto sinérxico sobre a avifauna e quirópteros é significativo e que en efecto, a distribución espacial dos 100 aerogeradores dos parques eólicos incluídos na envolvente de 20 km de radio, permite inferir que a súa presenza suporá unha discreta acumulación espacial de infraestruturas que implicaría a creación de barreiras para o tránsito das aves nos seus movementos de campeo, alimentación, dispersión ou migración. Con todo, dado que a mínima distancia existente nos 100 aerogeradores considerados neste estudo de efectos sinérxicos e acumulativos é de 3,2 km, non é previsible que a aparición de efectos sinérxicos e acumulativos supoña un incremento relevante do citado risco de colisión de aves e morcegos pola coexistencia dos parques eólicos no ámbito territorial considerado. Tamén se destaca que nesta zona de Galicia o fluxo migratorio canalízase pola costa evitando as aves as zonas interiores de orografía complicada. Así mesmo, as aves, nos seus desprazamentos, mostrarán unha preferencia por evitar relevos como os que serven de emprazamento destes parques eólicos, canalizando os seus fluxos a través dos vales.

O estudo conclúe que en función da composición e estrutura da comunidade ornítica e dos quirópteros presentes na área de implantación dos parques eólicos e LATs, da súa localización e do número e distribución dos aerogeradores, o impacto acumulado derivado do risco de colisión de aves e quirópteros coas pas dos aerogeradores será negativo, de efecto mínimo, directo, acumulativo, a curto prazo, permanente, reversible, recuperable e continuo. Será con todo de baixa intensidade, puntual, de probabilidade de ocorrencia baixa, permanente, e reversible a curto prazo e, por tanto, de carácter COMPATIBLE. Sinala así mesmo o promotor que a experiencia obtida noutros parques xa en explotación de características similares aos avaliados e moi próximos a eles, puxo de manifesto que a incidencia real dos aerogeradores pode considerarse baixa. Esta consideración deberá ser, con todo, analizada en detalle e, no seu caso revisada, durante os estudos preoperacionais de fauna correspondentes aos Estudos de Impacto Ambiental e mediante a execución dos respectivos plans de Vixilancia Ambiental, nos que se compromete a prestar especial atención á existencia e, no seu caso, cuantificación da aparición destes efectos acumulativos e sinérxicos.

En resposta á solicitude de informe do 19.12.2022 efectuada polo órgano ambiental, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe complementario o 20.12.2022 sobre efectos sinérxicos no marco da avaliación ambiental sobre as caracterización dos efectos sinérxicos do parque eólico de referencia, derivado do feito de que esta instalación atópase nun ADE no que hai proxectados varios parques eólicos. Como conclusión indica que á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Seselle, infórmase que o presente proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das súas competencias.

En canto á paisaxe, segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia, o parque eólico proxectado atópase dentro da Gran Área paisaxística *Golfo Ártabro* e na comarca paisaxística de *Golfo Ártabro interior*. Na envolvente de 20 km tamén quedan comprendidos territorios das Grandes Áreas paisaxísticas *Galicia Central* e *Chairas e Fosas Luguesas*, así como das Comarcas Paisaxísticas da *Terra Chá*, *Terra de Ordes*, *Golfo Ártabro litoral* e *Terra de Melide-Arzúa*. O proxecto non se localiza dentro de ningunha destas zonas, sendo as máis próximas as Áreas de Especial Interese Paisaxístico "Fraga das Barbudas e Val do Cambás", 8,79 km ao leste do aerogerador máis próximo e "Fragas do Mandeo", a 7,57 km ao norte do aerogerador máis próximo.



Para analizar os efectos acumulativos e sinérxicos con respecto á paisaxe pola execución do Parque Eólico Seselle con outras infraestruturas similares existentes ou proxectadas na envolvente (20km), o promotor realiza unha análise das concas visuais de cada un dos proxectos de maneira individual, así como a súa conca visual conxunta. Desta maneira, determina a superficie desde a que cada proxecto sería visible de maneira individual (é dicir, sen a presenza doutros proxectos similares na zona), así como o posible aumento de superficie visible pola presenza de ambos. Conclúe que a área da envolvente de 20 km xa ten gran visibilidade doutras infraestruturas antrópicas e a existencia do PE Seselle supón un aumento case nulo de tan só un 0,78% da visibilidade, e que polo tanto, os efectos sinérxicos e acumulativos derivados da instalación nesta contorna do proxecto resultarán de carácter compatible, xa que o novo parque eólico pasará practicamente desapercibido para a maior parte dos observadores potenciais debido á existencia de varios parques nesta contorna.

En canto ás potenciais afeccións polo **efecto sombra parpadeante** ou *Shadow Flicker*, sinala que 4 os estudos realizados ata o momento apuntan que este efecto só é apreciable nunha contorna moi próxima ao aeroxerador, sendo aceptado que non existen efectos a unha distancia superior a 10 veces o diámetro do rotor do aeroxerador, neste caso 1.450 m. Do mesmo xeito, este efecto só se produce en días iluminados, xa que as pas non proxectan sombras en días nubrados ou con néboa, moi frecuentes na área de implantación dos parques eólicos considerados neste estudo. Tendo en conta que a mínima distancia entre os aeroxeradores que integran os parques eólicos obxecto de análise é superior a 3 km, pode concluírse que non se producirán efectos sinérxicos ou acumulativos en relación co efecto sombra parpadeante ou *shadow flicker*.

En resumo: a matriz de valoración de impactos sinérxicos e acumulativos na fase de explotación do EsIA inclúe unha valoración de "moi positivo" no caso de impacto sobre a atmosfera (*pola redución a escala global dos gases efecto invernadoiro e os efectos sobre o cambio climático do proxecto*), dúas valoracións "positivas" (*Impactos sobre a produción, a economía e o emprego, Creación de postos de traballo, Efectos sobre o sector agrario-gandeiro*), efecto sinérxico "non significativo" (*no caso de afeccións a chan e augas, molestias á fauna polo ruído xerado polo funcionamento dos aeroxeradores, Impacto sobre Espazos Naturais Protexidos e Rede Natura 2000, Molestias á poboación polo ruído acumulado xerado polos Parques Eólicos, Potenciais afeccións sobre a saúde por campos electromagnéticos xerados polo transporte de electricidade e potenciais afeccións polo efecto parpadeo de sombras*), e efecto "compatible" para o caso de: Risco de colisións das aves e morcegos contra os aeroxeradores, Eliminación de biótopos, Alteración e perda de hábitats e Impacto sobre Reservas da Biosfera, Posibilidade de aparición de interferencias con sinais de radio, televisión e outros sinais de comunicacións...

Como xa se indicou no punto 2.2 desta DIA, ao respecto dous efectos sinérxicos e acumulativos do proxecto ou Instituto de Estudos do Territorio sinala que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante ou tempo non que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos de poboación e as vías de comunicación máis próximos. Esta incidencia visual, aínda que non poda ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Seselle consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 31,2 MW de potencia total no concello de Oza - Cesuras (A Coruña), constituído por 6 aeroxeradores de 5,2 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	567.600	4.782.600





2	569.220	4.779.288
3	572.260	4.779.288
4	572.260	4.781.000

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no Anexo I Cartografía **Plano nº4 Planta definitiva tras adecuación – vista general** incluído na *Adecuación al Estudio de impacto ambiental parque eólico Seselle. Diciembre 2022*. Presentado polo promotor o 14.12.2022 e remitida polo órgano substantivo o 16.12.2022.

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EslA, e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

2. En relación coa vulnerabilidade do proxecto ante riscos derivados de accidentes graves e catástrofes, teranse en conta as recomendacións recollidas no correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio de actividade por parte da autoridade competente.

3. No que respecta o dito no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá presentar unha proposta detallada relativa ás medidas adicionais sinaladas por dita dirección para garantir a minimización do impacto por colisión en quirópteros (restrición de rotación de pas por baixo da velocidade de réxime) e aves (pintado das pas dos aeroxeradores de acordo cos criterios establecidos pola antedita dirección xeral e sistema de detección baseado en vídeo), así como as actuacións a desenvolver para verificar a eficacia das ditas medidas.

O inicio das obras estará condicionado a que a DXPN informe favorablemente. O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.4 da DIA.

4. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras (shadow flicker)* durante a fase de funcionamento do parque, e en consonancia co recollido na documentación avaliada, nos potenciais receptores non se superarán as 8 horas/ano de exposición no caso real, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

Levarase a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA. Asemade, contemplará un seguimento individualizado dos receptores que sobrepasan o limiar de 8 h/ano para o "caso real", que permita coñecer a eficacia do sistema SCADA, tal e como indica no seu informe a Dirección Xeral de Saúde Pública.

5. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.





Propónse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 622.156,15 euros, dos cales 266.638,35 euros corresponden á fase de obras e 355.517,80 euros á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o

promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, a través de entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.





2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as sinaladas que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederá a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece no punto 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utilízase nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberá de considerarse non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

6. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o transvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxes do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque, realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, a rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.





Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. O edificio de control contará cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

9. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.





11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

12. As obras a realizar nas áreas de protección dos elementos patrimoniais seguirán estritamente o indicado e autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, provisión de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega ao xestor autorizado realizarase na área de campamento de obra/acopio durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirase en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes protexidos do medio natural (tal que as especies da flora ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.





2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerable no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo, de non terse realizado, as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona afastada) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, como e o caso do Plan de xestión do lobo, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda. No caso de ser necesaria a realización do seguimento con estudos de especies protexidas, será necesario contar coas autorizacións correspondentes.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos, ...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, pintado de pas con patróns que incrementen a súa visibilidade, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse limiares de risco, instalación de disuasorios automáticos, evitar a rotación das pas en horarios de maior actividade de quirópteros (ocaso e primeiras horas da noite), épocas do ano e condicións meteorolóxicas, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflictivos, etcétera.





No caso concreto das especies preeirias, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta así mesmo as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se for o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación de especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.





8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicarlas.

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación transformadora/edificio de control empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario -, contorno da subestación/edificio de control e torre/s meteorolóxica/s se é o caso, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se fora o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m² (300 kg/ha).
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Deberá realizarse un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e proceder á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosemteiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se





detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aerogeneradores, torre/s meteorolóxica/s e subestación transformadora/centro colector ou de seccionamento (de existir un edificio de control, pode ficar para outros usos), demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

4.2.7 Protección do patrimonio cultural.

1. Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo un control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos. Rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos arqueolóxicos.

2. E necesario ter en conta, no momento de realizar a prospección e traballo de campo, a natureza do rexistro arqueolóxico e etnográfico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia deste tipo de bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Sirvan como exemplo os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas.

3. Delimitarase os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, axustándose ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

5. De acordo co informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, deberán terse en conta no desenvolvemento do proxecto as consideracións reflectidas no seu informe, e a partir dos resultado das prospeccións arqueolóxicas, e do traballo de campo, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección, para constancia no expediente o órgano substantivo, remitirá a esta dirección xeral, copia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4.3. Outras condicións

1. De ser o caso, incorporaranse ao proxecto, no que proceda, ás determinacións das Directrices de paisaxe segundo o regulado na disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

2. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo segundo o apartado 5.1.

3. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberá notificarse previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a través do órgano substantivo, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.





4. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio das obras do parque.

Xunto coa dita comunicación, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ao que se fai referencia na condición 4.1.2 da DIA, xunto coa documentación na que se basee.

5. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánse incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EslA ou nesta DIA, comunicaráse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

5.2. Aspectos específicos

1. Levarase a cabo un seguimento dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación, en funcionamento ou en construción, en relación a todos os elementos do medio físico, biótico e perceptíbel, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.





2. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, terase en conta o seguinte:

- En canto os punto de control que deberán establecerse para o seguimento dos niveis sonoros na fase de funcionamento, estarán localizados no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores e non no interior dos núcleos, co fin de considerar os receptores potencialmente máis vulnerables. Deberán considerarse os puntos de medida definidos no EsIA, así como en todos os núcleos poboacionais próximos ás infraestruturas. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETR89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1:10.000.
- Deberan constar os resultados da campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñen en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de explotación a frecuencia será mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo, e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

3. En canto aos plans de vixilancia, controis e demais actuacións ás que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse con suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
 - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atopelos, control da obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
 - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor ou do que se poida derivar das condicións 4.1.1. e 4.1.2 ou de calquera outra desta día, teranse en conta as seguintes indicacións:
 - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxios (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección, por exemplo e se prexuízo doutras, as sinaladas no punto 1.3 desta DIA.
 - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa





frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aerogeradores e a detección de morte por colisión.

Descríbanse a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluírase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das vistas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as vistas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.

- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou lista vermellas máis actualizadas.

- Defínirase as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA, sen prexuízo das que se deriven da condición 4.1.2.

- Segundo o establecido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e no punto 4.1.2 desta DIA en relación á proposta que deba elabora o promotor, deberán incorporarse á mesma as seguintes actuacións relacionadas coa comprobación da efectividade das medidas para evitar o impacto por colisión.

- Avifauna: deberase prestar atención a se o sistema de detección baseado en vídeo detecta un aumento da frecuencia doutras rapaces, co fin de ampliar a protección ás mesmas, así como medir e comparar a mortalidade por impacto observada no parque eólico coa de outros parques lindeiros que non contén co pintado das pas.
- Quirópteros: deberase informar dos tempos nos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e da porcentaxe de parada dos aerogeradores.

- Descríbese o método do rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.

4. En relación coa condición 4.2.5.1.4 da DIA, no que se refire ao lobo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural sinala no seu informe que se ten que dar cumprimento ao punto 18 (efecto barreira das infraestruturas), apartado 5, do Decreto 297/2009, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.





Neste senso, establece que no primeiro ano de funcionamento do parque, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á dita dirección xeral un estudo con datos sólido sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das posibles afeccións sobre as súas poboacións: estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc...

Na procura de mellor implementación das ditas medidas, o promotor e o órgano substantivo terán en conta que todos os aspectos relativos á súa planificación e desenvolvemento deberanse coordinar previamente coa dita Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración, e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EslA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EslA ou nas súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ERTS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna, quirópteros e lobo, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta o que se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos e obra, etcétera.





2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno da subestación/edificio de control, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etcétera. Nas fotografías indicarse a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores e da subestación.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas capas: poligonal do parque, aeroxeradores, subestación e vieiros de acceso. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeroxeradores en marcha durante as medicións), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna, quirópteros (incluíndo todo o relativo ao desenvolvemento e eficacia das medidas adicionais ás que fai referencia a condición 4.1.2 da DIA) e lobo e das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.

No caso do plan de vixilancia ambiental e control da mortalidade por colisión de aves e quirópteros terase en conta o establecido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural no anexo I do seu informe.

- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicarse a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada





como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

- d) Cando corresponda segundo o expresado na condición 5.2.2 da DIA sobre as actuacións de estudo e seguimento do lobo, xunto co informe en fase de funcionamento achegarse un documento específico cos contidos que se determinen en función do sinalado na dita condición.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. Informe previo ao abandono: cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

5. Informe posterior ao abandono: transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflecta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.





6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Seselle, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan necesarios para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

